

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 12 DE DECEMBRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia dun treito de 112 metros lineais da estrada provincial EP-9506 Barrantes-Vilariño.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro Galego de Exposición Laboral ao Amianto.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**



- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 80% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao Programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020, por importe total dun millón trescentos mil euros (1.300.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se convoca para o ano 2020 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, por importe de cinco millóns trescentos vinte e un mil euros (5.321.000 €).

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a exención de constitución de garantías con base no artigo 72.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con relación a I Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias como entidade colaboradora na xestión de subvención e para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da Administración local.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de economía circular 2020-2030.

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación do límite indicado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación (Gain) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do SUG polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de oito millóns cento vinte e nove mil cen euros (8.129.100 €).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha axuda directa á Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES), mediante Resolución do Conselleiro de Sanidade, para o financiamento dos dispositivos de apoio complementario en saúde mental, e a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida nos artigos 40.4 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por un importe de cento oitenta e nove mil dous euros con corenta e seis céntimos (189.002,46 €).

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados e á conta aos recollidos no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituir garantías, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2020, 2021, 2022, e 2023. Total: un millón novecientos vinte e dous mil oitocentos euros (1.922.800,00 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, sobre actuacións da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Política Forestal en materia de restauración hidrolóxico-forestal, parcialmente cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de catorce millóns cincocentos mil euros (14.500.000,00 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o novo acordo de diálogo social.



## A LEI DE RESIDUOS APOSTA POR IMPULSAR A RECOLLIDA SEPARADA PARA APROVEITAR O 100 POR CENTO A VÍA ÚTIL DOS RESIDUOS E CONSOLIDAR A IMPLANTACIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR

- ***O Consello da Xunta emite informe a nova Lei de residuos e solos contaminados, coa que o Goberno galego pecha o círculo de instrumentos para desprazar o modelo baseado no trinomio extraer-usar e tirar cara o circular***
- ***O contido desta nova lei prima a prevención e reutilización dos residuos; establece que en 2025 debe reciclarse un 55% do peso actual***
- ***Por primeira vez se establece a necesidade de fomentar a creación de puntos de recollida de residuos industriais, grandes superficies comerciais e edificios públicos, que deben implantar unha infraestrutura básica para a recollida selectiva de residuos***
- ***Outra das novidades da Lei é que determina que en 2023 os concellos deberán instaurar a recollida separada dos biorresiduos e en 2024 os residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica***
- ***Para apoiar as entidades locais na implantación da recollida separada, poderán elaborar programas locais de prevención e xestión de residuos, que serán compatibles cos da Xunta, e establécese un réxime xurídico para os puntos limpos***
- ***Os servizos de restauración estarán obrigados por lei a entregar as fraccións sobrantes de comida non consumida aos clientes en recipientes que non sexan dun só uso, acadando un dobre obxectivo: eliminar o uso deste tipo de vaixela e reducir o desperdicio alimentario***
- ***O contido desta lei camiña na liña dos principios inspiradores da Directiva marco de Residuos e da política de residuos da Unión Europea, como fomentar a xerarquía na xestión dos residuos, incidindo no primeiro chanzo: a prevención***
- ***Este novo texto lexislativo, xunto coas estratexia de Economía Circular e de Cambio Climático e Enerxía, pecha as ferramentas deseñadas pola Xunta de Galicia para avanzar no cambio de modelo produtivo e asentando a economía circular***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o seu visto e prace á nova Lei de residuos, coa que se pretende impulsar a recollida selectiva ou separada para aproveitar ao 100 por cento a vida útil dos residuos e consolidar o cambio do modelo produtivo, co fin de avanzar cara a economía circular; pois tras a aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía e da estratexia de economía circular -hoxe mesmo no Consello da Xunta-, Galicia pecha o círculo de instrumentos que axudarán á sociedade galega a camiñar cara ao novo modelo produtivo.

Asemade, coa lei informada hoxe, Galicia sitúase á cabeza das rexións en adaptar e integrar a súa normativa ao contido da Directiva en materia de plásticos, converténdose nun

referente en materia de calidade ambiental ao fixar mecanismos para loitar contra o plástico dun só uso e contra o desperdicio alimentario.

Un dos principios inspiradores da nova Lei de residuos é a xerarquía na xestión dos residuos. Ben que é certo que non hai mellor residuo que aquel que non se produce, o seguinte chanzo na cadea é impulsar a recollida selectiva e separada de residuos.

Para acadar este reto, ademais dos plans de xestión e prevención que elabora a Administración, os concellos -no marco das súas competencias- poderán elaborar Programas locais de prevención e xestión de residuos. O apoio aos concellos tamén se fará dotando por primeira vez dun réxime xurídico aos puntos limpos, infraestruturas necesarias para a xestión de residuos especiais de competencia municipal. A Xunta ten elaborado un regulamento tipo que os concellos poderán adaptar.

Tamén se acorda a necesidade de fomentar a creación de puntos de recollida de residuos industriais, grandes superficies comerciais e edificios públicos, que deben implantar infraestruturas básicas para a recollida selectiva de residuos.

A nova lei tamén prioriza a reutilización e reparación daqueles materiais que se convierten en residuos, co fin de darlles unha segunda oportunidade a través da súa reparación. Por primeira vez, fíxanse obxectivos e medidas para incrementar progresivamente os residuos domésticos e comerciais destinados á reutilización e a reciclaxe das fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización. No seu conxunto deberán acadar un mínimo dun 55% en peso para o 2025. Este fito tamén se acadará coa posta en marcha de centros especializados na preparación para a reutilización de residuos, en especial dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, téxtiles e mobles -fracción que debe representar un 5% do global de residuos con este destino en 2025; e coa posta en marcha de medidas que fomenten o mercado da reciclaxe.

Unha das novidades que recolle o novo texto, tanto como concepto como regulación, son os programas de compostaxe doméstica e comunitaria, que se regularan por primeira vez de xeito específico. Así, as entidades locais onde existan instalacións deste tipo deberán informar o órgano competente en materia de residuos de aspectos como o número de persoas participantes nos programas, o número e a localización das infraestruturas, a cantidade de residuos tratados ou da cantidade de compost obtido, así como o resultado das análises do compost obtido.

### **Familiarizarse con novos residuos**

A sociedade galega separa hoxe mellor que hai uns anos. As cifras da fracción vidro, papel-cartón e envases póneno de manifesto; pero aínda así hai capacidade para mellorar a ratio actual e acadar a meta establecida na Directiva marco, que fixa para final de 2025 reciclar un 65% de todos os envases e cinco puntos máis un lustro despois.

Outra das novidades da nova lei -que exixirá á sociedade a familiarizarse con novos residuos- é a instauración, por parte dos concellos, da recollida separada dos biorresiduos a finais de 2023 e dos residuos téxtiles e residuos perigosos de orixe doméstica un ano despois.

Para loitar contra a plastificación do planeta e o desperdicio alimentario, a lei adáptase ao contido das Directrices marco e da senda iniciada por Europa, que prohibe a entrega gratuíta de bolsas de plástico ou dun só uso, así como a vaixela (pratos, vasos, cuncas e bandexas alimentarias) dun só uso, é dicir, desbotables e de plástico. Mentres que para reducir as cantidades actuais de desperdicio alimentario, por primeira vez, se establece por lei que os titulares de establecementos de restauración estarán obrigados a entregar as fraccións sobrantes de alimentación non consumidas en recipientes que estean compostos cun 50% de material biodegradable, quedando totalmente prohibida a vaixela de plástico. Neste sentido, destaca unha medida como promover un Código de Boas Prácticas en relación cos excedentes alimentarios, que vén a ser un pacto social no que se solicita a participación de todos os axentes implicados do Canal Horeca, principalmente, e para o que se fixan obxectivos co fin de mitigar o desperdicio alimentario.

### **Administración máis verde e áxil**

Outra das novidades do novo texto, que agora se remite ao Parlamento, é o fomento da contratación pública ecolóxica. Nese sentido, o Goberno galego traballa nun manual, onde se establece a necesidade de priorizar o emprego de materiais reciclados ou recuperados nas diferentes actuacións. A modo de exemplo, apóstase polo uso de areas recicladas para a construción de infraestruturas; os solos artificiais para campos de xogos infantís poderán ser elaborados con pneumáticos reciclados; ou que cando se contraten os cambios de rodas do parque móbil da Xunta se empreguen pneumáticos recauchutados.

Por primeira vez, unha lei fai referencia á existencia da plataforma electrónica que a Xunta de Galicia pon á disposición dos produtores e xestores con instalacións na Comunidade Autónoma para permitir e facilitar o cumprimento das súas obrigas na materia, tanto respecto dos movementos realizados dentro da comunidade como respecto dos movementos realizados entre outras rexións. Con esta nova regulación, os operadores evitan a duplicidade de documentación e os formularios que debían tramitar e acompañar o traslado.

### **Solos contaminados**

Unha das novidades da lei sobre a regulación dos solos contaminados é o establecemento dunha garantía financeira, que fixará o órgano competente en materia de solos contaminados para garantir o cumprimento das obrigas fronte á Administración derivadas das actuacións de recuperación de solos contaminados. Asemade, os titulares de actividades potencialmente contaminantes do solo están obrigados a remitir cada cinco anos un informe de situación ao órgano competente en materia de solos.

A lei considera actividades potencialmente contaminantes do solo aquelas actividades de tipo industrial ou comercial que, xa sexa polo manexo de substancias perigosas xa sexa pola xeración de residuos, poidan contaminar o solo.

A declaración dun solo como contaminado obrigará a realizar as operacións necesarias para proceder á súa limpeza e recuperación nos termos establecidos na resolución de declaración, e pode comportar a suspensión da executividade dos dereitos de edificación e outros aproveitamentos do solo, no caso de resultaren incompatibles coas medidas de limpeza e recuperación do terreo que se establezan, ata que estas se leven a cabo ou se declare o solo como non contaminado.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE CON MAIOR NÚMERO DE PRAZAS DA HISTORIA

- **Convocaranse un total de 3.654 prazas**
- **Faise unha especial aposta pola FP, coa oferta de 363 prazas de novo ingreso de profesores técnicos destas ensinanzas, o que multiplica por 4 as de 2007**
- **Ademais convocaranse prazas de catedráticos de secundaria, EOI e Artes plásticas e Deseño, o que permitirá aos docentes acadar o cumio da carreira profesional**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto de oferta pública de emprego (OPE) docente para o próximo ano, que inclúe un total de 3.654 prazas, a oferta máis ampla da historia neste ámbito. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional concretará o número de prazas para cada especialidade na convocatoria das oposicións, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, previsiblemente, dentro do primeiro trimestre do ano 2020.

Entre os elementos máis salientables da OPE, faise unha especial aposta pola FP, coa oferta de 363 prazas de novo ingreso de profesores técnicos destas ensinanzas, o que multiplica por 4 as de 2007, ano coa oferta máis ampla ata o momento.

Ademais, convócanse 1.300 prazas para catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de Idiomas e de Artes Plásticas e Deseño. Isto supón permitir por primeira vez en 12 anos que os docentes destas áreas acaden o cumio da carreira profesional, unha reivindicación do profesorado desde hai anos, tanto polo devandito (culminar a carreira) como polos beneficios a nivel académico e salarial que supón (acceso a complementos retributivos, a xefaturas de departamento etc)

Por corpos, o número de prazas distribúese do seguinte xeito:

|  | Ingreso | Promoción interna (A2-A1)  | Total |
|--|---------|----------------------------|-------|
| Mestres  | 747     |                            | 747   |
| Profesores de ensino secundario                          | 781     | 260                        | 1.041 |
| Profesores técnicos de FP                                | 363     |                            | 363   |
| Profesores de escolas oficiais de idiomas (EOI)          | 30      | 38 (Cambio de corpo A1-A1) | 68    |
| Profesores de Música e Artes Escénicas                   | 85      |                            | 85    |
| Profesores de artes plásticas e deseño                   | 30      | 10                         | 40    |
| Catedráticos de Ensino Secundario (carreira profesional) |         | 1232                       | 1232  |



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

|   |              |              |              |
|---|--------------|--------------|--------------|
| Catedráticos de EOI<br>(carreira profesional)                         |              | 50           | 50           |
| Catedráticos de Artes<br>Plásticas e Deseño<br>(carreira profesional) |              | 18           | 18           |
| Inspectores de educación  |              | 10           | 10           |
| <b>TOTAIS</b>   | <b>2.036</b> | <b>1.618</b> | <b>3.654</b> |

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE RIBADUMIA DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE ATRAVESA O NÚCLEO URBANO DE BARRANTES E COINCIDE COA RÚA CONDESA**

- ***Trátase dun treito de 112 metros que ten carácter netamente urbano, con presenza de edificacións, zonas de aparcadoiro e numerosos comercios en ambas as marxes***
- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais***
- ***O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia dun treito da estrada provincial EP-9506 Barrantes-Vilariño, que coincide coa rúa Condesa.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación Provincial o cambio de titularidade dun treito de 112 metros lineais desta vía no núcleo de Barrantes, na actualidade de carácter netamente urbano, con presenza de edificacións, zonas de aparcadoiro e numerosos comercios en ambas as marxes.

Na solicitude de transferencia trasladada ao organismo provincial, o Concello de Ribadumia expón que quere executar actuacións de mellora de instalacións e do sistema viario municipal, coa finalidade de corrixir problemas xurdidos especialmente co saneamento, e de forma simultánea mellorar a circulación no núcleo urbano.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Ribadumia terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## **SANIDADE CREA O REXISTRO GALEGO DE EXPOSICIÓN LABORAL AO AMIANTO**

- ***A inscrición no Regela axudará ao recoñecemento médico legal das incapacidades e das prestacións por continxencias laborais dos afectados***
- ***Ao tratarse dun rexistro oficial, poderá ser presentada no procedemento de acreditación da súa exposición laboral***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea e se regula o Rexistro galego de exposición laboral ao amianto (Regela). Con este documento preténdese aumentar o nivel de protección da saúde do colectivo exposto ao amianto e que a vixilancia da súa saúde sexa o máis completa posible. O Regela mellora a seguridade xurídica dos afectados, facilita a transparencia e a accesibilidade da información e simplifica os procedementos.

O amianto é un risco laboral cun período de latencia das enfermidades derivadas da súa exposición moi longo, entre 20 e 30 anos. Por iso é necesario que a vixilancia da saúde do colectivo afectado se prolongue alén do período de exposición, tanto se os traballadores seguen en activo na mesma empresa na que sufriron a exposición como se non. Tamén permitirá rexistrar ao colectivo que xa non está no mercado laboral, que tivo exposición e que está sendo vixiado no Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, terá en conta o persoal traballador cunha exposición laboral actual nas empresas de desamiantación.

A creación do Regela axudará a controlar a vixilancia da saúde realizada polos servizos de prevención en relación co amianto. Así mesmo obrigará aos profesionais médicos do traballo que fan seguimento aos traballadores que continúan na empresa onde foron expostos ao amianto, a remitiren a información da vixilancia da súa saúde. Ademais rexistrárase o colectivo vixiado nun sistema específico de información do Servizo Galego de Saúde. Este será un paso imprescindible para poder comparar os datos a nivel nacional no Programa integral de vixilancia da saúde das persoas traballadoras que estiveron expostas ao amianto (Pivistea).

Outra das achegas do Regela é que o persoal médico do traballo poderá acceder á información existente no Sergas en relación con anteriores vixilancias da saúde co fin de coñecer as patoloxías preexistentes. Isto é especialmente útil xa que, debido á variedade temporal das contratacións dos servizos de prevención nas empresas, é difícil que un mesmo equipo realice a vixilancia da saúde do traballador durante moitos anos.

Así mesmo, a creación do Regela axudará ao recoñecemento médico legal das incapacidades e das prestacións por continxencias laborais dos afectados, xa que ao tratarse dun rexistro oficial, a inscrición poderá ser presentada no procedemento de acreditación da súa exposición laboral. Ademais, posibilitará un procedemento para que os traballadores expostos ao amianto que non teñan recoñecida esta circunstancia nas empresas nas que traballaban poidan ser incluídos no rexistro.

## **A XUNTA MANTÉN O COMPLEMENTO ECONÓMICO DE 206 EUROS ÁS GALEGAS E GALEGOS QUE TEÑEN AS PENSÍONS MÁIS BAIXAS**

- ***Recibirano 38.500 persoas que son perceptoras de pensións non contributivas, dos Fondos de Asistencia Social ou do subsidio de garantía de ingresos mínimos***
- ***Investiranse cerca de 8 millóns de euros nestas axudas, que se ingresarán de oficio nos primeiros dez días de xaneiro, sen necesidade de solicitalas nin levar a cabo ningún trámite adicional***

A Xunta de Galicia volverá aboar un complemento económico para as galegas e galegos que teñen unha pensión non contributiva, perciben axuda do Fondo de Asistencia Social ou son perceptores do subsidio de garantías de ingresos mínimos. O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a esta axuda extraordinaria que recibirán arredor de 38.500 persoas nos primeiros dez días do mes de xaneiro e cuxa contía ascende a 206 euros por beneficiario.

O Goberno galego investirá cerca de 8 millóns de euros nesta achega de carácter social que beneficia un colectivo que o necesita moi especialmente ao ter un reducido nivel de ingresos. Este complemento ingresarase de oficio nun pagamento único mediante transferencia bancaria, sen necesidade de solicitalo nin levar a cabo ningún trámite adicional.

Un ano máis, o executivo autonómico mantén esta axuda como mostra do seu compromiso de apoiar as familias e persoas con menos recursos, unha vontade que se volve plasmar nos orzamentos de 2020, que inclúen unha partida económica que garante a continuidade deste complemento.

## **A XUNTA DESTINARÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DIRIXIDOS A MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE**

- ***O investimento para 2020 incrementábase en case un 43% con respecto ao orzamento inicial de 2019***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o investimento de 1,3 millóns de euros nas axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que poñan en marcha programas específicos de recursos integrais de atención especializada dirixidos especifica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

O crédito reservado a estas axudas na convocatoria de 2020 incrementábase en case un 43% en comparación coa orde deste exercicio, á que a Xunta destinou unha contía inicial de 910.000 euros. Esta achega inicial ampliouse o pasado xullo con outros 429.477 euros que permitiron aumentar ata as 69 o número de entidades beneficiarias este exercicio. A Administración autonómica investiu nesta orde de axudas máis de 11,6 millóns de euros na última década.

Teñen a consideración de mulleres en situación de especial vulnerabilidade as vítimas de violencia de xénero; de explotación sexual-laboral; inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas, pertencentes a unha minoría étnica ou reclusas e ex-reclusas, entre outros supostos.

Ao abeiro desta convocatoria subvencionaranse programas que inclúan recursos integrais específicos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade xestantes ou lactantes con fillos ou fillas menores de tres anos; e tamén iniciativas de atención personalizada e especializada para aquelas mulleres pertencentes aos colectivos expostos.

O programa debe prever unha atención personalizada recollida en proxectos de integración individuais en que se plasmen intervencións específicas a través dalgunha das actuacións obxecto de subvención (atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación, adquisición de habilidades persoais e sociais e apoio e orientación laboral). A actuación debe ter en conta o diferencial feminino e o fomento da igualdade de oportunidades como elemento básico da atención especializada que deben recibir as mulleres en situación de vulnerabilidade, co obxecto de mellorar as súas expectativas persoais, sociais e laborais de cara á súa integración en termos de igualdade.

## **A XUNTA INCREMENTA ATA OS 5,3 MILLÓNS DE EUROS AS PRESTACIÓNS PERIÓDICAS PARA AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***As axudas, que poden solicitarse durante todo o ano, consisten nunha contía mensual para facilitar ás vítimas unha independencia económica que lles permita dar o primeiro paso para romper coa situación de violencia***

A Xunta destinará máis de 5,3 millóns de euros a financiar as prestacións periódicas para vítimas de violencia de xénero na convocatoria plurianual 2020-2021, o que supón un incremento do 3,3% respecto á convocatoria de 2019 e o orzamento máis alto desde a posta en marcha destas axudas en 2006.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo á convocatoria para 2020 destas prestacións ás que o Goberno galego destinou entre 2009 e 2019 máis de 31,9 millóns de euros que permitiron atender máis de 4.000 mulleres. De xaneiro a novembro deste ano 577 vítimas beneficiáronse destas axudas, cuxo prazo de solicitude está aberto durante todo o ano.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma en dispoñer de prestacións periódicas para as mulleres que sofren violencia de xénero e a única que as ten operativas de maneira ininterrompida ao longo de todo o ano. Nesta convocatoria inclúense como beneficiarias as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual, e desde este ano tamén ás vítimas da violencia vicaria, é dicir, aquelas mulleres que padezan o asasinato dos seus fillos/as a mans do maltratador.

O obxectivo destas axudas é garantir ás vítimas unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, ou no caso das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual, da persoa que mantivese con ela unha relación de dominación, de xeito que se lles facilite dar o primeiro paso para romper con esa situación de violencia.

A axuda consiste nunha contía económica periódica de carácter mensual, que oscila entre os 200 e os 800 euros, en función dos ingresos da persoa beneficiaria, dos fillos ou fillas menores en acollida ao seu cargo ou se padece algún tipo de discapacidade.

## **A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FEGAMP PARA CONSOLIDAR OS OBXECTIVOS DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DE GALICIA**

- **Co acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta, o Goberno galego achegará preto de 800.000 euros aos centros de referencia da Rede para actividades formativas**
- **A previsión para o vindeiro ano é incrementar ata as 96.000 as persoas usuarias**
- **As máis de 370.000 horas de formación da rede CeMIT contribuíron ao incremento no uso da internet entre os galegos que, en oito anos, pasou do 58% ao 84%**
- **De cara a vindeira década estas aulas xogarán un papel fundamental para facilitar a acreditación do futuro Marco de competencias dixitais**
- **En total, a rede CeMIT contará cun investimento de máis de 1,3 millóns de euros para o mantemento das 98 aulas e itinerarios formativos como os destinados á certificación de competencias dixitais, o uso seguro da rede, dos servizos dixitais, a robótica, a programación ou a pilotaxe de drones**

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán por sétimo ano consecutivo para facilitar que a capacitación dixital pública e gratuíta chegue a todos os galegos a través das actividades da rede de aulas CeMIT, un instrumento clave do Plan de inclusión dixital de Galicia 2020.

Así se recolle no acordo, aprobado hoxe no Consello da Xunta, para a concesión da subvención ás aulas das entidades locais que integran a rede CeMIT que teñen a consideración de aulas de referencia para o exercicio 2020.

Con este compromiso, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán de novo o vindeiro ano na xestión da subvención e na entrega e distribución dos fondos públicos ás entidades locais para realizar actividades dixitais, a través da rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica de aulas CeMIT.

Cómpre destacar que o papel da Rede no cumprimento, cun ano de adianto do obxectivo proposto hai tres anos no Plan de inclusión dixital de superar a porcentaxe do 75% dos galegos que acceden a Internet. Os últimos datos do INE sitúan esta porcentaxe xa no 84%

Para seguir avanzando nesta liña, a rede CeMIT, ofrecerá o vindeiro un amplo catálogo de actividades para alfabetización dixital e doutras iniciativas máis avanzadas para que calquera persoa, independentemente do seu nivel de coñecemento, poida avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

### **Investimento**

Ao longo do ano 2020 a Amtega destinará máis de 1,3 millóns de euros para a realización das actividades do Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 a través da rede CeMIT, así como ao mantemento das infraestruturas dos centros e a mellora das ferramentas de xestión.

En concreto, e como se recolle no proxecto de acordo aprobado hoxe, achegárase ás administracións locais a través da Fegamp 789.522 euros para a realización de actuacións en materia de inclusión dixital nas 64 aulas CeMIT consideradas de referencia. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas así como da poboación do municipio, correspondendo ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes unha subvención de 15.000€ e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251€.

Pola súa banda, a Fegamp continuará prestando un papel fundamental como canle de comunicación coas entidades locais galegas e será a encargada de transferirlles as correspondentes subvencións.

### **Balance**

Ata o momento, durante 2019, a rede de aulas CeMIT ofertou máis de 45.000 horas de formación dixital, cifra que supuxo un incremento do obxectivo establecido para este ano no número de horas formativas grazas ao labor realizado por parte dos responsables das aulas CeMIT e á crecente colaboración dos máis de 840 aliados dixitais do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

Así desde a súa posta en marcha en 2011, nas aulas da rede CeMIT planificáronse máis de 370.000 horas de formación dixital gratuíta, principalmente en alfabetización e capacitación dixital e acadáronse máis de 94.600 usuarios/as rexistrados na rede.

Desde 2014, a rede CeMIT está habilitada para acreditar á cidadanía a certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CODIX), onde se examinaron preto de 4.500 persoas e obtiveron a certificación máis de 3.100 persoas.

### **Obxectivos 2020**

O obxectivo final da rede CeMIT é acadar que a cidadanía acceda ao mundo dixital e dotar os galegos e galegas das capacidades e habilidades dixitais necesarias para facer pleno uso das TIC e aumentar a súa calidade de vida, a empregabilidade, a inserción social e a innovación social dixital.

Dado o bo resultado acadado en 2019, coa colaboración dos máis de 800 aliados dixitais, a Xunta busca en 2020 continuar garantindo e ampliando a capilaridade e universalidade destes servizos de capacitación dixital promovendo a participación dos axentes sociais, empresariais e entidades públicas para acadar unha maior variedade de temáticas e actuacións en materia de inclusión dixital en todo o territorio galego.

Concretamente, en 2020 está previsto que a rede imparta máis de 35.000 horas formativas no eido dixital e acade os 96.000 usuarios e usuarias.

Ademais, a rede CeMIT será un instrumento fundamental para acreditar os coñecementos en base ao novo marco galego de competencias dixitais.



Tamén se fomentará a certificación de competencias dixitais e o desenvolvemento de actividades como o uso seguro da rede, o manexo da administración electrónica, a robótica e a programación ou a pilotaxe de drons, co fin de dar resposta ás necesidades dunha Galicia dixital.

### **Máis formación, máis uso da rede**

O incremento de servizos dixitais deber ir acompañado de accións formativas e divulgativas que dinamicen o seu uso. Estas medidas repercutiron nun avance en materia de sociedade dixital. Póñeno de manifesto os incrementos rexistrados durante o período 2011-2019, por exemplo, o uso da internet en Galicia pasou do 58% ao 84%, medrando 26 puntos.

A franxa de 45 a 54 anos está no 92% cando en 2011 apenas superaba o 50% e no caso concreto da franxa de 55 a 64 anos, pasou do 26% ao 79,7%, medrando mais dun 200%. Entre os 65 e os 74 anos, a cifra chega xa a un 45,7% de uso cando en 2011 apenas un 9,2% das persoas desas idades facía uso da internet.

## **A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA CIRCULAR CO RETO DE SUPERAR O ACTUAL MODELO DE PRODUCCIÓN E CONVERTER A GALICIA NUN REFERENTE EUROPEO DE SUSTENTABILIDADE**

- ***O Consello deu o visto e praxe esta mañá ao documento, que identifica oito grandes eixos de actuación e un total de 60 propostas e medidas para desenvolver***
- ***Con este instrumento o Goberno autonómico quere impulsar un cambio na próxima década que permita substituír o noso sistema económico e produtivo lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais***
- ***Dous meses despois da aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, a Xunta dá outro paso decisivo para preservar a Galicia verde e convertela nun referente en Europa na loita fronte ao quecemento global e a aposta por unha transición enerxética e económica ordenada, xusta e sustentable***
- ***Entre as propostas de actuación máis salientables da EGECE cómpre subliñar a elaboración dun plan de acción para reducir os plásticos non reciclables no sector primario e na industria alimentaria galegas ou a inclusión nos procesos de contratación pública de criterios verdes como o uso de materiais reutilizados***
- ***Algunhas das primeiras medidas que se porán en marcha serán a convocatoria a comezos de 2020 dunha nova liña de subvencións para concellos co fin de habilitar espazos públicos de autorreparación e intercambio de obxectos, a implementación da compra pública verde en Galicia ou o inicio dos trámites para construír tres novas plantas de tratamento de biorresiduos domésticos***
- ***Destaca tamén a aposta polo chamado ecodeseño para optimizar a eficiencia dos produtos, minimizar o seu impacto ambiental e estender os ciclos de vida***
- ***Para o desenvolvemento da estratexia estímase que será necesario un investimento de case 865 millóns de euros durante os seus 10 anos de vixencia, o que suporá un retorno anual equivalente ao 1,12% do PIB galego***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá a Estratexia galega de economía circular 2020-2030 (EGECE), un documento ambicioso no que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contou coa colaboración de diferentes axentes económicos e sociais, administracións públicas, empresas, expertos na materia e cidadanía en xeral co reto de impulsar e propiciar a transición da comunidade do actual modelo produtivo lineal cara a outro máis racional e eficiente, baseado na reutilización de materiais e produtos.

Case dous meses despois da aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, a Xunta dá un novo e decidido paso de cara ao seu obxectivo de protexer e preservar a Galicia verde fronte ás ameazas que supoñen fenómenos globalizados pero que requiren unha resposta en clave galega como son o quecemento da Terra, o actual modelo enerxético ou un sistema económico e produtivo baseado na filosofía de usar e tirar.

Para facer posible esa transición tanto na maneira de pensar como de producir e consumir, a EGE 2020-2030 adapta as iniciativas políticas desenvolvidas pola UE á singularidade e peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas de Galicia, co reto de situala na próxima década á vangarda deste proceso global e convertela nun referente europeo en materia de sustentabilidade económica e ambiental. O obxectivo principal da estratexia, por tanto, é superar un sistema de produción caracterizado polos grandes consumos de recursos, que ao acabar a súa vida útil se converten en residuos co conseguinte impacto ambiental, a outro baseado na filosofía circular, que toma como base o criterio multiterre (repensar, redeseñar, refabricar, reparar, redistribuír, reducir e reutilizar) no proceso de elaboración dos produtos.

O resultado é unha folla de ruta estruturada arredor de oito eixos prioritarios en catro sectores estratéxicos, industria, sector primario, fogares e hábitat, Administración pública e servizos, que identifica ata 60 medidas ou propostas de actuación coas que poder cumprir todos estes obxectivos.

O primeiro dos eixos é o chamado ecodeseño, unha das pedras angulares da estratexia galega para afianzar ese cambio de modelo, xa que o 80% dos impactos ambientais que provocan os produtos veñen determinados no momento en que se deseñan. Neste sentido, a economía circular aposta por produtos facilmente desmontables e reciclables e por evitar a mestura de materiais para alongar así a súa duración ou ciclo de vida.

Entre as principais medidas deste punto cómpre subliñar a edición dun catálogo galego de produtos e servizos ecodeseñados, o lanzamento de campañas de concienciación dirixidas a produtores e consumidores e o fomento doutro tipo de accións para incentivar o deseño ecolóxico e responsable en todos os ámbitos pero con especial atención aos envases, incorporando como alternativa ás embalaxes dun só uso a madeira ou os bioplásticos. Nesta liña, unha das novas accións a curto prazo no marco da EGE será elaborar un plan de acción para reducir os plásticos no sector primario e na industria alimentaria e no que participarán todos os sectores implicados, desde industrias e sistemas de responsabilidade ampliada do produtor ata centros de investigación.

O segundo dos eixos, centrado en actividades e modelos de servizo, busca abrir novas vías de negocio esencialmente dirixidas cara a cultura da reparación e dos produtos de segunda man. Así, darase apoio económico e asesoramento para a dinamización, innovación e modernización do sector da reparación, impulsarase a formación especializada para reparar e actualizar produtos e incentivarase a compra pública circular co fin de que a propia Administración dea exemplo cando actúa como consumidora de bens ou servizos. Tamén se promoverá a formación en actividades de reparación de produtos susceptibles de prolongar a súa vida útil e revisaranse os contidos dos módulos de determinadas FP.

O terceiro dos eixos é o da educación e sensibilización, moi relacionado co anterior xa que se pretenden incluír os obxectivos da estratexia na formación dos docentes e nos contidos curriculares en todos os niveis educativos. A sensibilización é clave para que prenda a filosofía da economía circular polo que as medidas deste eixo van orientadas a lograr unha

sociedade máis crítica e ecoalfabetizada pola vía da educación formal e non formal, seguindo a senda iniciada xa noutras comunidades nas que a economía circular forma parte do contido curricular das escolas.

En materia de Industria e co fin de acadar un sector empresarial máis eficiente, avógase por propiciar un escenario normativo adaptado ao novo contexto e que estimule a ecoloxía industrial e a ecoinnovación para buscar a máxima eficiencia no consumo de recursos. Entre as medidas propostas, figura un novo plan de axudas para promover modelos de negocio circulares, impulsando tanto a creación de ecoparques empresariais como a adaptación dos existentes aos preceptos da ecoloxía industrial. Tamén se definirán os requirimentos mínimos que deben cumprir estes polígonos en cuestións tales como o tratamento de residuos, a auga ou a enerxía entre outros, para poder ser caracterizados como ecoparques.

Con relación á produción de alimentos, o quinto eixo da EGEC 2020-2030, o reto consiste en xerar unha bioeconomía capaz de producir alimentos de máis calidade cun menor impacto sobre a contorna. Para conseguilo, como complemento á futura Lei de Residuos, propóñense medidas como fomentar a redución de residuos no sistema alimentario, reducir o uso de envases de plástico non reciclables ou fomentar o emprego de bioplásticos neste sector, así como incrementar o número de instalacións de valoración para o aproveitamento de refugallos na produción de alimentos. Este tipo de instalación tería como obxectivo tratar todo tipo de descartes, entre eles os que habitualmente son vertidos ao mar, apostando polo mellor aproveitamento dos recursos capturados e pola súa valorización.

O sexto eixo refírese ao urbanismo, edificación e obra pública, tendo en conta que a construción é un dos sectores produtivos cun maior impacto ambiental e que xera unha alta porcentaxe de residuos. Para aplicar os principios da economía circular neste eido, a EGEC aposta por poñer en valor as materias primas de orixe galega e pola reutilización de residuos de construción e demolición, sobre todo na obra pública. Así, avógase por incorporar como criterio de valoración na contratación de concursos públicos o uso deste tipo de materiais.

Por último, o sétimo e oitavo eixos correspóndense coa xestión, por un lado, do Ciclo da Auga, e polo outro dos Residuos, aspecto clave no relativo á economía circular. O primeiro busca modernizar as infraestruturas existentes relacionadas cun ben escaso e limitado como é a auga a través do deseño, produción e uso de equipamentos máis eficientes para a súa xestión, obtención e almacenamento, con medidas como, por exemplo, fomentar a investigación para estudar a viabilidade de proxectos para a reutilización de augas residuais.

Pola súa banda, en materia de residuos a estratexia pon o acento na prevención e na reutilización dos refugallos. E para camiñar nesa dirección, ademais da nova Lei de residuos que en breve iniciará a súa tramitación parlamentaria, aposta pola creación dunha Rede galega de preparación para a reutilización (que en decembro será presentada oficialmente), pola promoción de proxectos piloto de boas prácticas e minimización de residuos na comunidade, e por manter e intensificar a liña de colaboración cos concellos na busca de novos modelos eficientes de recollida separada do lixo doméstico.

## **Primeiras medidas que se implementarán en 2020**

Das 60 propostas e medidas identificadas na EGE 2020-2030 algunhas xa están en disposición de poñerse en marcha con carácter inmediato. Concretamente, durante os primeiros meses do vindeiro ano a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará unha nova liña de subvencións aos concellos co fin de poñer á disposición da cidadanía espazos de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos e conformar unha rede galega de establecementos públicos destinados á preparación para a reutilización, evitando así a xeración de residuos domésticos.

O ano 2020 tamén será o exercicio no que Sogama iniciará os trámites para a construción de tres novas plantas públicas para o tratamento dos biorresiduos domésticos, co fin de aproveitar a fracción orgánica do lixo xerado nos fogares. Así mesmo, como continuación aos traballos desenvolvidos ao longo de 2019 para definir o concepto de compra pública verde, o vindeiro ano darase un paso máis e traballarase na súa implementación en Galicia co fin de incorporar criterios ecolóxicos nos contratos da Administración.

### **Investimento previsto e retorno na próxima década**

Cómpre lembrar que a EGE 2020-2030 é un documento que establece políticas e liñas xerais que deberán implementar por parte de todos os responsables públicos e dos distintos organismos da Xunta co fin de acadar a consecución dos obxectivos que marca. Neste sentido, tan importantes son os instrumentos normativos, entre eles a tramitación da nova Lei de residuos ou a aprobación da propia Estratexia de economía circular, como os económicos.

Por iso, para o desenvolvemento da EGE nos seus dez anos de vixencia estímase que será necesario mobilizar uns 864,7 millóns de euros. O retorno anual equivalente deste investimento sería do 1,12% do PIB, o que representa no caso de Galicia, ao longo de todo o seu período de implantación, un total de 6.607 millóns de euros, e traducido en postos de traballo, 12.475 empregos a tempo completo.

A posta en marcha da estratexia, por tanto, permitirá abrir novas oportunidades de negocio, laborais e de xeración de renda. Logrando unha maior eficiencia no consumo de recursos, as empresas galegas serán máis competitivas e menos vulnerables á incerteza que poidan xerar os mercados internacionais, de tal xeito que a transición cara a unha economía circular debe afrontarse como unha necesidade pero tamén como unha oportunidade para Galicia.

Coa aprobación definitiva deste documento -de cuxo borrador xa fora informado o Consello o pasado mes de agosto antes de sometelo a información pública- Galicia sitúase outra vez nunha posición de vangarda, converténdose nunha das primeiras rexións españolas en asumir un papel proactivo e dotarse da súa propia guía de actuación en materia de economía circular. De feito, só Andalucía, Cataluña, Extremadura e Madrid teñen xa aprobados documentos estratéxicos coa mesma finalidade que a EGE.

Se a este dato se suma o feito de que o pasado mes de outubro Galicia se converteu na cuarta rexión española en aprobar a súa propia folla de ruta para facer fronte a medio e longo prazo ao cambio climático, resulta evidente que a Xunta está a dar os pasos

necesarios para asumir e consolidar unha posición de referencia en materia de políticas sustentables, tanto en España como no conxunto de Europa.

## **A XUNTA DESTINA 8,1 MILLÓNS DE EUROS A FINANCIAR 100 NOVAS BOLSAS PARA CONTRATOS PREDOUTORAIS DE PERSOAL INVESTIGADOR**

- ***Elévanse as contías destes contratos de formación inicial de científicos, que recibirán entre 22.900 e 25.500 €/ano en función da modalidade da que resulten beneficiarios***
- ***Ademais do financiamento destes contratos ao longo dun máximo de tres anos, outros, as bolsas abranguen ata 6.000 euros máis por contrato para estadias de tres meses no estranxeiro e un complemento anual para gastos e seguros***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria (a través da Axencia Galega de Innovación, GAIN) destinan un total de 8.129.100 euros para garantir a formación inicial dos investigadores galegos a través de 100 novas bolsas para contratos predoutorais no Sistema Universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i cunha duración de tres anos.

O obxectivo deste programa que se vén desenvolvendo desde o ano 2012 é a formación do persoal investigador desde etapas iniciais (preparación da tese de doutoramento), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. En concreto, hoxe hai 233 predoutorais realizando os seus traballos de investigación en Galicia grazas a esta liña de apoio da Xunta de Galicia.

A contía global desta convocatoria -que hoxe autorizou o Consello da Xunta- supón un incremento de case o 7,5% con respecto á deste ano; e que se traduce tamén nun aumento da contía anual dos contratos para os vindeiros tres anos. Así, os beneficiarios da modalidade A obterán unha bolsa de 25.000 €/ano fronte aos 23.500 actuais, mentres que os da modalidade B obterán 22.900 €/ano fronte aos 20.500 actuais. Ademais dos contratos, as bolsas abranguen o financiamento de estadias de tres meses no estranxeiro e un complemento anual para gastos e seguros.

### **Beneficiarios e modalidades**

A convocatoria vai destinada ás universidades do SUG, aos organismos públicos de investigación de Galicia, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos e Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores para a súa formación como doutoras e doutores nos seus centros; e divídese en dúas modalidades.

Na modalidade A as axudas están enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación, e que orientarán as políticas de

cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020. A previsión é financiar 57 contratos predoutorais nesta modalidade e o importe máximo de cada axuda ascenderá a 25.000 euros anuais.

Pola súa parte, a modalidade B busca garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha económica baseada no coñecemento. Deste xeito, garátese un mínimo de 10 axudas no ámbito das universidades para Artes e Humanidades, e outras 10 para Ciencias Sociais e Xurídicas, sempre que o número de solicitudes o permita. Nesta categoría beneficiaranse un total de 43 investigadores que preparan a tese e o importe máximo de cada axuda será de 22.900 euros anuais.

### **Estadías no estranxeiro**

Ademais, ambas as dúas convocatorias inclúen estadías de tres meses de duración no estranxeiro cun importe máximo de 6.000 euros, en función do destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 2.000 euros; se realiza a súa estadía en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 4.000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 6.000 euros.

### **Apoio á investigación**

Esta convocatoria, que proximamente sairá no *Diario Oficial de Galicia*, súmase ao programa de apoio á etapa de formación posdoutoral -que busca favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación nas universidades galegas do talento investigador-, ao abeiro do cal a día de hoxe hai 151 científicos contratados en Galicia.

Entre ambas as dúas liñas de apoio, Educación e GAIN mobilizan máis de 16,7 millóns de euros ata 2021 co fin de financiar a tese e formar os investigadores nunha primeira etapa, así como internacionalizar e formar as científicos na fase posdoutoral.



## **SANIDADE DESTINA 189.000 EUROS Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA**

- ***Este importe destinarase á realización de programas de apoio psicosocial e persoas con trastorno mental grave xestionados polas entidades que integran a federación***
- ***Na actualidade benefíciáanse 1.229 persoas a través de dispositivos de apoio***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a concesión directa dunha subvención á Federación de asociacións de familiares e enfermos mentais de Galicia (Feafes Galicia) por un importe de 189.000 euros. Esta cantidade irá destinada aos gastos do persoal que realiza os programas de apoio psicosocial a persoas con trastorno mental grave nos dispositivos complementarios de apoio xestionados polas entidades que integran a federación.

FEAFES Galicia ten por finalidade a defensa dos intereses das persoas con enfermidade mental e os seus familiares en Galicia, a consecución da súa participación social, así como a súa integración na sociedade. A través das entidades federadas xestiona os dispositivos de apoio complementario para o trastorno mental severo, definidos polo Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.

Na actualidade benefíciáanse 1.229 persoas destes dispositivos. Delas 927 fano en centros de reabilitación psicosocial e laboral, 174 en pisos protexidos e 128 en unidades residenciais.

A Federación presentou unha solicitude de axuda para as entidades implicadas para facer fronte ao incremento que se ten producido nos custos derivados do gasto de persoal. Isto supónlles un impacto económico que non teñen capacidade de soportar sen contar con apoio financeiro.

A concesión da subvención directa ten por obxecto auxiliar economicamente a Federación debido á situación económica derivada do incremento dos custos sociais que poden poñer en risco propia viabilidade, tanto na realización de programas como as entidades de iniciativa social.

A singularidade da axuda baséase no indubidable interese social e humanitario para os efectos de procurar prestar unha axeitada atención sociosanitaria as persoas con trastorno mental grave en Galicia, e está amparada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Neste caso realizarase un pagamento do 100 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinada a resolución de concesión directa, coa finalidade de que a entidade beneficiaria dispoña da liquidez suficiente.

## **A XUNTA HABILITA UNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA PARA LEVAR AS CASAS NIÑO AO 100% DE CONCELLOS SEN SERVIZO DE CONCILIACIÓN**

- ***Investiranse 2 millóns de euros para a creación de ata 115 prazas gratuítas para as familias en 23 concellos***

O Consello da Xunta de Galicia habilitou un investimento de 2 millóns de euros para a creación de 115 novas prazas de casas niño, pequenos centros en concellos de menos de 5000 habitantes sen ningunha outra opción de conciliación. Con esta convocatoria extraordinaria, o Executivo autonómico pretende estender ao 100% dos municipios galegos este servizo. Do importe, 345.000 euros serán para obras de adecuación dos inmobles, 15.000 euros por cada un deles, e 1,6 millóns para o funcionamento diario do servizo de casa niño, 19.600 euros anuais por cada casa.

A día de hoxe, a Administración autonómica apoiou a posta en marcha de 75 casas niño, que ofrecen 375 prazas totalmente gratuítas de atención á infancia. A boa acollida desta iniciativa levou a que tan só queden 23 concellos en toda a xeografía galega que aínda non dispoñen de casa niño, nin de escola infantil ou de punto de atención á infancia.

Esta iniciativa é unha das liñas mestras da actuación da Xunta en materia de conciliación. Súmase a outras medidas como a gratuidade das escolas infantís para segundo fillo e sucesivos; a ampliación da Tarxeta Benvida ata os tres anos para as rendas máis baixas e as familias que viven no rural; o Bono Coidado para a contratación puntual dun coidador ou pagar o custe dun servizo de atención non continuada, como ludotecas; o Bono Concilia para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública; liñas de axudas para a apertura de escolas infantís nos polígonos industriais, confrarías e cooperativas agrarias ou as máis de 25.000 prazas de gardería sostidas con fondos públicos.

## **A XUNTA INVESTIRÁ 7,5 MILLÓNS DE EUROS NA RESTAURACIÓN HIDROLÓXICO FORESTAL DE ZONAS AFECTADAS POR INCENDIOS**

- ***O Consello aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para realizar estes traballos nun total de 11 distritos forestais das catro provincias galegas***
- ***Entre as intervencións conveniadas figuran tratamentos postincendio de conservación de chans, a eliminación de restos forestais afectados, a reforestación de zonas danadas ou a restauración da vexetación, entre outras***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, sobre actuacións en materia de restauración hidrolóxico-forestal. O orzamento total do acordo é de 14,5 millóns de euros, dos que xa están comprometidos e orzamentados por parte da Xunta 7,5 millóns e pendentes, por parte do Goberno central, os restantes 7 millóns.

O convenio ten por obxecto concretar e impulsar a colaboración entre ambas as administracións para desenvolver novas actuacións en materia de restauración hidrolóxico-forestal en zonas afectadas polos incendios forestais ao longo dos últimos anos (entre o 2016 e o 2018) en Galicia, especialmente nas provincias de Pontevedra e Ourense.

Así, financiaranse diferentes traballos nun total de 11 distritos forestais das catro provincias galegas. Á Consellería do Medio Rural corresponderalle actuar nos distritos do Barbanza (na provincia da Coruña), A Fonsagrada-Ancares e Terra de Lemos, na de Lugo, e do Ribeiro-Arenteiro, Miño-Arnoia, Valdeorras-Trives, Verín-Viana e A Limia, na provincia de Ourense. Pola súa banda, ao Ministerio correspóndelle a provincia de Pontevedra, concretamente os distritos de Condado-Paradanta, Vigo-Baixo Miño e Caldas-Salnés.

Estas actuacións refírense á repoboación e á corrección hidrolóxico-forestal, incluíndo discontinuidades preventivas de novos lumes. Son intervencións tales como os tratamentos postincendio de conservación de chans, a eliminación de restos forestais afectados, a reforestación de zonas danadas, a restauración da vexetación cos intereses ambientais (restauración do hábitat), a restauración de investimentos danados, as instalacións de protección e a construción de obras de enxeñaría necesarias. Entre estas últimas estarían as obras de hidrotecnia como socalcos, feixes, pontóns, bueiros, cunetas, pasos canadenses e outros para a restauración das zonas afectadas.

A vixencia do convenio esténdese ata o 30 de novembro de 2022 e crearase unha comisión bilateral de seguimento para o impulso e control das actuacións, así como para velar polo seu cumprimento.

Con este tipo de labores procúrase preservar e recuperar a riqueza do monte galego, tanto dende o punto de vista económico como social e ambiental, polo que se consideran un

beneficio moi importante para o conxunto da sociedade galega en xeral e en concreto para os propietarios dos terreos forestais.

## **O NOVO ACORDO DO DIÁLOGO SOCIAL RECOLLE MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA A REQUALIFICACIÓN PROFESIONAL DE PARADOS DE LONGA DURACIÓN MAIORES DE 45 ANOS E PARA AXUDAR OS TRABALLADORES AFECTADOS POR ERES**

- ***A Xunta destinará 5,5 M€ á posta en marcha dun plan para a recualificación destas persoas desempregadas de máis idade; un programa de axudas a empresas para a contratación de remudistas e apoios para o mantemento do emprego ante flutuacións económicas***
- ***As medidas forman parte dos 11 acordos alcanzados no marco do diálogo social entre a Xunta, a CEG, CCOO Galicia e a UGT e suporán un compromiso orzamentario de 52 M€***
- ***Galicia avanza nos seus retos en materia de políticas activas de emprego grazas á negociación e a solucións que nacen do consenso cos axentes sociais e económicos***

O Consello da Xunta informou hoxe dos acordos alcanzados no diálogo social aberto o pasado mes de febreiro e que contou coa participación da Xunta, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), UGT e CCOO Galicia. Este novo marco galego en materia laboral contará cun compromiso orzamentario de 52M€ para avanzar na mellora da calidade do emprego e das relacións laborais, no progreso económico e na cohesión social.

Deste xeito, o establecemento do diálogo social e a vontade de Administración autonómica, axentes sociais e económicos de negociar contribúe a que Galicia avance nos seus retos a través de solucións que nacen do consenso. Entre outras cuestións, permitirá impulsar as políticas activas de emprego co obxectivo de mellorar o mercado laboral galego.

Así, a Xunta porá en marcha un plan de recualificación profesional para persoas paradas de longa duración maiores de 45 anos, ao que destinará 500.000 euros. Este programa específico centrarase en diferentes ámbitos: motivación, orientación, competencias transversais, formación, inserción laboral e medidas de acompañamento.

Tamén se desenvolverá un programa de axudas para a contratación de remudistas para o que se reservará 1M€. Os apoios para as pemes, de 7500 euros, implican a contratación a xornada completa e por tempo indefinido. As axudas incrementaranse nun 5% se a persoa contratada é muller, unha persoa con discapacidade ou se a empresa está relacionada cos sectores estratéxicos galegos.

Ademais, o Goberno galego habilitará axudas para favorecer o mantemento do emprego ante flutuacións económicas, para o que conta cunha dotación de 4M€. En concreto, ofrecerá unha nova liña para compensar a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras afectadas por ERE de suspensión de contratos ou redución de xornada. Outra liña ofrecerá axudas á empresa para compensar os custos de formación do persoal que se pacte durante a duración do ERE. E unha última liña estará destinada a persoas

traballadoras de 55 ou máis anos afectadas por extinción de contratos de empresas en crise: accederán a apoios para financiar as cotas que se ingresarán polo convenio especial que teñan suscrito coa Seguridade Social e axudas de pagamento único para compensar pola diminución do importe da indemnización recoñecida.

### **Compromiso orzamentario de 52 M€**

Estas medidas forman parte dos 11 acordos alcanzados no marco do diálogo social, subscritos o pasado martes polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, cos axentes sociais e económicos (a CEG e os sindicatos UGT e CCOO Galicia) e que supoñen un compromiso orzamentario de 52 M€.

En concreto, trátase de catro acordos en materia de igualdade de oportunidades e que se centrarán no seu impulso no ámbito laboral e contra a fenda salarial; a definición do contido mínimo da formación no eido da igualdade laboral na Comunidade; a revisión dos procedementos de recoñecemento da igualdade na empresa; e a promoción, medición e mellora da igualdade laboral de oportunidades.

Outro dos acordos consiste no compromiso para a elaboración dunha guía de cláusulas sociais que se apliquen para conseguir unha contratación pública socialmente responsable.

Tamén se porán en marcha outros dous acordos para impulsar a transformación tecnolóxica da industria. En concreto, articularanse medidas arredor da Axenda Industria 4.0; e para o desenvolvemento dunha transición enerxética xusta.

Finalmente, acordouse a posta en funcionamento dos procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo individuais -incluído no novo texto do AGA- co obxectivo de modernizar as relacións laborais.

Con este conxunto de acordos, Galicia avanza cara a unhas relacións laborais máis igualitarias, acordos coas necesidades actuais e que permitirán que a Comunidade avance tanto no eido social como económico. Ao longo de 2020, realizarase un seguimento e avaliación permanente dos acordos e continuarase co diálogo nas materias que as partes establezan.